

ESTUDIAR NA CAPITAL

Cuatro rapaces del Occidente abríndose camín



↓ Entrambasaguas

Son novos, tán estudiando na Universidá d'Uviéu y son del occidente. Queren quedar a vivir y a trabayar unde naceron. Nun tán d'acordo cua mentalidá d'hai anos que fía de menos todo el que tía que ver col xeito de vida rural. Pensan que lo tein amolao pra topar un trabayo al pé da casa pero, así y todo, eso é el que máis yes gustaría y, col ánimo d'abrirse camín, tán esforzándose nos sous estudios.

Abaxada de población que sufríu el occidente asturiano cua emigración nos anos sesenta afondóu núa tendencia de mengua demográfica qu'einda nun paróu. Miles de personas marcharon a vivir a Uviéu, a Avilés, a Xixón, ás zonas mineiras, de tal xeito qu'a qu'había a ser a moceda del Navia-Eo nacéu ou crióuse úa parte d'ella llonxe da terra de sous padres. Naquellos anos pecháronse casas y dalgús llugares quedaron tamén balleiros. El mundo rural y el sou paisaxe perdían rixo. Os modelos urbanos foron marcando as preferencias da xente en conto a valores y hasta, mesmamente, en conto a os gustos estéticos.

Nestos últimos anos, col problema del paro nas zonas industriales, búscanse salidas económicas novas. A posta en valor dos recursos locales nas zonas rurales é úa d'ellas: turismo, productos artesa-

nos, restauración del patrimonio cultural... Tamén a preocupación pol medio ambiente y el mito da volta á naturaleza axudaron muito nesta recuperación dos valores asociaos col mundo rural. Como resultao de todo esto tán empezando a grumar nel occidente dalgús iniciativas económicas enreizadas nel territorio que, anque pequenas, nun deixan de ser interesantes. Ademáis, programas de financiación pra os próximos anos como el PRODER ou el LEADER+ abren expectativas á moceda pra que, a través de proyectos propios, podan volar nun trabayo que yes deixe quedar na terra.

Peró, llonxe das grandes cifras y dos análisis económicos, queríamos saber qué pensaban dalgús dos fiyos d'aquella xente que nun emigróu y que quedóu na zona. Queríamos saber daqué da vida d'us "emigrantes" temporales qu'agora tán formándose na Universidá y que viven d'a caballo entre el occidente y el centro d'Asturias.



JORGE VEIGUELA SANZO
(Bual, 1981)

Estudiou na villa onde nacéu hasta que marchou vivir a Uviéu pra fer el qu'antias chamaban Cou. Na capital vive cúa ermá y a bola, que veu con ellos pra "cuidallos" pero qu'è mui moderna. Todos os días, ben cedo, Jorge coye el tren pra Mieres, onde estudia Topografía. Chufa del ambiente da ciudá el aberta qu'è a xente pero bota en falta Bual y nun lo cambiaría por nada. Se pudera trabayar allí, ou nel occidenté, consolaba.

A vida na ciudá

Condo tas avezao a vivir nun poble, ou núa villa pequena, deixar a túa familia, el tou peteiro d'amigos, os sitios onde xugache de pequeno, y ir a vivir á ciudá, é un salto curioso nel xeito de vida. Lucía deu ese salto de Teixeira (Samartín d'Ozcos) a Uviéu. Agora, cúa perspectiva de varios anos fora da casa, nun lo ve tan mal: *«Vives con amigos, fora da casa, al tou aire. Ademáis eu sempre tuven muito marxe de confianza na casa»*. Jorge, da villa de Bual, lleva menos anos vivindo en Uviéu pero, einda gustándoye, *«se me dan a escoyer, quedome con Bual... de llargo. Hai más tranquilidá, tán os amigos...»*. Anque, hai que dicillo todo, *«tamén é verdá que vou nel brao, y hai festas, y que nel inverno xa é outra cousa»*.

Todos coinciden en qu'a ciudá brinda muitas máis cousas y qu'eso, en comparanza cúa zona onde se criaron, foi el primeiro nel que repararon: *«Ves qu'a*

xente sempre tuvo máis oportunidades pra todo, pra ir a cursos, a actividades de todos os tipos, deportes d'equipo... Muita xente ten a súa afición de pequeno e tu nada. Cuando che preguntan respondes «Si, eu lía e vía a tele...». Vexo qu'a xente, quitando excepcións, nun ten idea del qu'è vivir na nosa zona», comenta Lucía. Pero a ciudá tamén ten comenencias que na casa nun hai. Ruth, da Caridá, tenlo mui claro: *«Botas en falta a familia, botas en falta a tranquilidá, el aire que se respira allí, que nun se respira aquí»*, anque reconoz que *«cada sito ten el sou encanto y condo tas nún botas en falta cousas del outro»*. Lucía ta d'acordo: *«Cuando tou en Samartín boto de menos esto, que teis máis independencia, máis cousas que facer, tas á túa bola. Pero cuando tás aquí y t'ergues nel inverno e ves as chimeneas... ¡buf!»*. Hai anos, a vida nel medio urbano víase como el ideal y eso axudó a que se vise lo rural como dalgo atrasao, pasao de moda, pero pinta qu'ese tipo d'actitudes xa nun cuayan na mocedá. A lo menos Lucía así lo pensa: *«Hai pouca xente que vexa el mundo rural como algo triste e qu'hai que deixar atrás. Esas ideas xa pasaron. Tamén vai por modas, porque agora lévase el mito da vida rural e cuando lles dices qu'a túa casa ta al pé d'un río e tal... mirante con envidia. Antes mirábante e dicíanche qu'eras del monte»*.

Verónica, nacida nun lugarín pequeno como Cubiyedo, entre Tapia y El Franco, tamén quer miyor a vida allí pero é realista: *«Al hora de buscar trabayo, tar en dalgúa asociación, etc., as posibilidades tán mui limitadas porque nun teis case nada, y por eso nun queda outro remedio que vir»*.

Tampouco nun hai que poñer as cousas mui mou-ras porque, al cabo, as comunicacióis miyoraron lamar y toda a mocedá ten móvil pra qu'a familia nun yes perda a pista (*«Eu nun teño móvil»* aclara ríndose Jorge). Verónica recorda divertida qu'el primeiro ano volvíu cuase todos os fines de semana, *«pero al cabo vaste avezando y cada quince, cada vinte... Nas vacacióis, se podía sempre iba todo el brao. Pral herba y pral que cuadrara»*. Jorge namáis vai condo hai pontes ou nas vacacióis, que ten a ermá y a bola aquí: *«Hai qu'estudiar y se vou allí nun fago nada»*. Pénsalo miyor y diz (de seguro qu'en broma) *«Home, aquí tampouco»*. Pero a pesar de vivir cúa bola, nun ye dá máis nin se sinte controlao: *«É mui moderna»*.

Os amigos

Muitos estudantes del occidente viven en pisos con outros compañeiros del instituto que tamén empezaron carreiras universitarias. Por poñer un caso, Lucía vive nun piso onde sempre houbo xente da zona, compañeiros d'Instituto da Veiga que van pasando, acabando, y chegan outros. Verónica vive noutro piso con xente da Veiga, de Cuaña... D'este xeito, nun costa caro ferse con un peteiro d'amigos da zona y salir todos xuntos por ei a tomar daqué.



LUCÍA IGLESIAS GÓMEZ
(Teixeira-Samartín d'Ozcos, 1979)

Os nenos y nenas que como Lucía fixeron octavo –da veyá EXB– en Vilanova podían cuntarse cos didos d'úa sola mao. Al salírense das vacas os padres, de Teixeira pasaron a vivir en Samartín. Tamén da escola de Vilanova Lucía pasou al Instituto da Veiga subindo y baxando A Garganta día por noite nel tresporte escolar. El outra parada nel sou viaxe pol momento ta en Uviéu, onde acabou el ano pasado Empresariales. Agora ta fendo a especialidá de Ciencias del Trabayo. Quer volver a Os Ozcos pero primeiro prestábaye moverse algo por ei fora.

Así y todo, tein amigos de todas as partes d'Asturias porque el ambiente estudiantil axuda. Jorge asinte: *«A xente topéila mui aberta. Nun te conocen de nada y deseguida t'integran nel grupo. Igual eso na casa nun che pasa, qu'hai un ambiente máis zarrado. Pode que sía cousa da xente nova da ciudá»*. Verónica asinte y Ruth comenta: *«Nos sitios pequenos a xente quer que todo el mundo seña igual. Se es algo diferente enseguida che poin el sambenito. Na ciudá igual é que tán máis avezaos a ver que cada ún ten a súa forma de ser»*.

A fala tamén axuda a sentirse máis cerca da casa. *«Al que conocín na Veiga falando na fala cóstame muito caro falarlle aquí en castellano, anque teña xente que fala castellano delante. Síntome muito máis cómoda falando así»*, diz Lucía.

¿Sodes gallegos?

Como sempre –anque ellos dicen que cada vez menos–, a xente del extremo occidental d'Asturias ten

que cargar cuas bromas de que daquén da zona central yes pergunte que se son gallegos. Al sintillos falar desiguada sal el comentario. A Verónica xa ye tein dito que de L.Luarca pral occidente xa se yes nota el acento. Jorge cúntanos entre risas: *«Pol acento en Mieres sempre me tán dicindo se soi gallego. Xa me chamaron hasta portugués. Como eu dicía que nun era gallego y ellos que nun era asturiano, dicíanme: "entonces serás portugués"»*. «Hai de todo», diz Lucía un pouco cansada d'este tipo de bromas, *«sempre encontras a alguén que che dice qu'él é asturiano e tu es galega e tu dices "Non, son asturiana"»*, y elos *«Non, non"»*. «Bueno, pois bala. Vaite tu y a túa asturianía por aí a volar». Pero os estereotipos tamén los hai fora. Lucía tuvo nun campo de trabayo con xente del mundo ecoloxista: *«Prá xente de Cataluña eu era a galega. Y eu dicíalles qu'en Asturias tamén se fala como falo eu, que nun se fala solo el "ye" y todo eso. Però pra elos Asturias é namáis a sidra e cuatro cousas tópicas que saben»*.

A fala paréceyes a todos dalgo normal y familiar que sintiron sempre na casa y valóranlo como parte fundamental da súa cultura. Lucía afirmalo con clari-



VERÓNICA BARCIA GARCÍA
(Cubiyedo-El Franco, 1977)

D'un lugarín d'a caballo entre os conceyos de Tapia y El Franco, Verónica tiróu pral primeiro dos conceyos pra ir á escola. Siguíu nel instituto de Tapia y en Uviéu coyéu piso pra fer Económicas. Acabóulas el año pasao pola especialidá d'Administración y Dirección d'Empresas. Agora sigue na capital mentres fai prácticas núa empresa que trabaya con arquivos y bases de datos. El actividá empresarial na zona Navia-Eo paréceye que nun ye abre moitos camiós pero... nunca se sabe. Hai que ser optimistas.

dá: *«Eu paréce-me que cuanto máis sabes falar máis t'enriquece. Eu gústame saber falar el castellano y tamén falar a mía fala»*. Jorge tamén ten un bon peteiro de compañeiros bualeses, dez ou quince, que tán estudiando en Uviéu y cos que fala habitualmente en gallego-asturiano, anque cos compañeiros de Mieres tenta de falar en castellano. Nas discusións que salen de ralo en ralo sobre el xeito de falar en cada sito, os términos llingüísticos mézcranse cos xeográficos y cos identitarios. Jorge síntese dolido, y é qu'hai adxetivos que tein moita carga emocional. Daye rabia que ye digan os compañeiros de Topografía qu'a súa fala nun é asturiana: *«El meu é tan asturiano como el voso»*, díceyes.

Na facultá de Filoloxía, unde se vive el tema llingüístico con máis intensidá, diznos Ruth que ser del Navia-Eo é algo especial: *«É úa cuestión mui debattida y hai opinións pa todos os gustos. Fainche bromas, preguntanche sobre tal ou cual fenómeno llingüístico...»*. Vendo el interés de moita xente universitaria pola recuperación del asturiano, Ruth foi dándose conta da riqueza que tía el occidente na súa fala: *«Somos úa parte pequena y eu entendo qu'a defensa del asturiano ten máis tradición y máis peso demográfico pero a xente nova del Navia-Eo tía que con-*

cienciarse da riqueza que temos y defendella». Verónica comenta que sou irmao pequeno coyéu a optativa de gallego-asturiano na escola de Tapia y que nel instituto tamén la hai. Hai us anos, condo Ruth estudiaba allí, houbera esa asignatura como experiencia pioneira pero ella nun s'apuntara: *«Daquella debía ser un pouco fata, que se é hoi apuntábame»*, recorda con úa sonrisa.


Os problemas del mundo asociativo

¿Y qué fai a mocedá conaviega? ¿Móvese, ta en asociacións? Lucía recorda cómo a súa ermá vivíu el época del teleclub en Samartín, condo fian actividades y cursos, pero eso morréu. Despois veu el mercao astur da mao da asociación cultural y tamén s'amañóu úa escola con piano, solfeo, gaita, acurdión, que tamén acabóu, igual porque faltaron as subvencións, ou porque a xente que lo trabayaba cansaba de nun ver apoyos: *«Non de ver nada feito, porque ves nenos que saben tocar mui ben. Eu taba nel grupo de baile e salíamos beilar por aí. A xente tamén vai mar-*

*chando fora a estudar y a cousa vai morrendo. Agora volve e fábase de montar un local pra os máis novos, con acceso a Internet. Anque agora el que tira é el asunto da terceira edá, que los levan d'escursión, fain encontros e todo eso...». Descubrimos que tanto Lucía como Jorge tocaran úa temporadía na banda de gaitas "La Reina'l Truébanu", pero qu'al marchar pra Uviéu deixáronlo. Jorge fálanos de qu'en Bual, ademáis das xa veteranas Asociación d'Amas de Casa y Penedo Aballón, acaba de fundarse outra asociación, *Muyeres con xeito*, y de que se fala de fer úa banda de gaitas na villa. Ruth tamén nos descubre que beilara col grupo *El Cabazo* da Caridá, al tempo que fai un repaso del mundo asociativo del conceyo del Franco. Verónica fálanos del asociación xuvenil *El Columpio*, da Roda (Tapia), qu'axuda na preparación del mercao tradicional. Todos coinciden nos mesmos problemas: dous ou tres acarrían con todos os llabores, hai cansacio, xente que marcha por cuestiós de trabayo ou d'estudios y que fai que morra el asociación da qu'era principal apoyo, desmotivación, pouca xente...*

Y el futuro, ¿qué?

Verónica resúmelo con úa frase: *«Trabayar, unde se poda»*. Saben qu'hai dalgús señales de reactivación na zona pero paréceyes que ta malo de volar en dalgús dos trabayos qu'a ellos yes gustarían: *«Se houbera dalgúas outras actividades empresariales a xente del occidente quedaríase a trabayar na zona. A min gustaríame volver pr'allí, pero como ves a cousa tan imposible»*, diz Verónica. Eso sí, miyor qu'en Cubiyedo, en dalgúa villa como Tapia, Navía ou A Caridá. A Ruth tamén ye gustaría trabayar en dalgún dos institutos da zona anque nun é precisamente el del enseño úa vía mui aberta pra trabayar nel occidente, porque as prazas son poucas. A Jorge, se ye deran a escoyer el mesmo trabayo en Uviéu y en Bual, tenlo claro: *«En Bual, a distancia... Ou nel occidente»*. Lucía ainda nun lo ten claro: *«Tampouco nun vexo nada que me diga "vou establecerme en Samartín", pero tampouco en Uviéu, ou en Asturias. Tou máis ben á expectativa de facer outras cousas e moverme máis por aí. Eu quero facer outras cousas e ver outras cousas. Se m'ofreceran un traballo alí, nun digo que d'aquí a us anos pense igual pero pol momento... Dentro de cinco anos igual m'a-repinto»*.



RUTH GONZÁLEZ RODRÍGUEZ
(A Caridá-El Franco, 1977)

Foi á escola a Llóngara, na Caridá, y el qu'antías eran as "enseñanzas medias" fixolas nel instituto de Tapia. A chegada á capital foi pra fer a carreira de Filoloxía española, cousa que xa llogróu. El primeiro ano foi a un Colexo Mayor y eso axudóula a lluitar cua señaldá. Agora vive sola y caríase col trabayo d'Investigación mentres pensa na materia pra súa tesis doctoral. A súa estancia nel centro d'Asturias –y igual os sous estudos filolóxicos– valíronye pr'apreciar máis a riqueza cultural que ten na súa terra.

Jorge, como cualquier outro mozo d'estos tempos, ve esmolido el futuro: *«Xente nova, nada. Dalgún fiyo de casa de llabranza que se quede y pouco más»*. Lucía sigue bromiando: *«Nada, nosoutros fer el chalé alí pr'al fin de semana y vivir na ciudá»*. Jorge volve al asunto: *«Tían que gastarse cuartos y fer cousas que dinamicen como el Museo de Grandas ou el turismo de calidá. Moverse un pouco máis, qu'allí nun se move nada»*.

A verdá é qu'hai iniciativas interesantes y hai quen se move pero igual falta información á mocedá pra que las conoza y poda ver salidas. Igual yes falta saber qu'ellos son os que poden abrir el camín porque tein a formación y el brío precisos. Con rapaces como Lucía, Ruth, Verónica y Jorge, hai bringas pra fer ese cesto y muios máis. 